Teatro Ghazafelhos presenta:

Frankenstein



Contratación

URDIME: www.urdime.net | info@urdime.net | T+34 981 937 424 | M+34 679 946 957 | M+34 619 920 335

Frankenstein

Qué se pode esconder nun escuro castelo perdido nas montañas?

Poida que algo que non quere ser descuberto ou, poida que, algo que espera que o descubran.

Frankenstein é un clásico da literatura, do cine, do teatro e dos musicais, é una obra que sempre está vixente para unha reposición e máis para público familiar, xa que ás veces, é complicado expoñer a monstruosidade á que pode chegar o ser humano por buscar a perfección.

Eso pasoulle a Víctor Frankenstein e pásalles ás persoas que non se aceptan a si mesmas. E eso é do que trata Frankenstein de Teatro dos Ghazafelhos: da auto estima do ser humano.

Unha aventura nas entrañas dun castelo onde os investigadores, a Dra. Mon Champignom e o Dr. Pe Arrepío investigan si o lexendario monstro de Frankenstein existe ou non.

Teatro dos Ghazafelhos

É unha compañía nada na comarca de Ferrolterra no ano 2006 e creada por Montse Piñón e Pepablo Patinho.

Centrándose no traballo de títeres, animación e teatro actoral especialízanse na realización de obras teatrais para público familiar. Na súa andaina como compañía realizan espectáculos de narración oral, mímica, títeres,...e talleres de teatro para grupos infantís e de adultos. Adoptando ideas como as de Michael Ende en Momo de "escoitar aos demais..."ou Antoine Saint Exupéry, "O esencial é invisible aos ollos...." e intentando contar historias sinxelas e profundas como Charles Chaplin.

Ghazafelhos soña con evocar nas súas historias ás grandes xenialidades que entenderon o mais efémero da vida: a infancia

Repertorio Ghazafelhos:

Rubicundo | As mil e unha noites | Iriña bailarina | O país dos mandóns | 3,2,1 | Contos mariñeiros Contos para escagarriñarse | Frankenstein | Nana para un Soldado | Bon Appetit

Frankenstein

Con unha impresionante escenografía e grandes efectos de tremoia, o público desfruta de unha aventura que ten pinceladas de cine negro e debuxos animados.

O fío condutor é a investigación de dous científicos sobre a existencia ou non de Frankenstein. Envoltos nunha tormenta, atopan o suposto castelo de Frankenstein e cólanse dentro onde se atopan cun estraño personaxe chepudo... "**Igor"**.

As personaxes

A Dra. Mon Champignom, é unha especialista en ciencias naturais. Intelixente, decidida, e fría. Investiga á antiga usanza; diseccionando todo o que teña patas.

O Dr. Pe Arrepío, compañeiro inseparable da Dra. Champignom é especialista en ciencias paranormais. Moi soñador, covarde, e sincero. Gustaríalle atopar respostas a tódolos soños da humanidade.

Igor, o chepudo. É unha personaxe desconcertante, non se sabe se ven ou vai. Dentro da súa estraña amabilidade agacha un enorme segredo.

Víctor Frankenstein. Esta é unha personaxe que parece estar ao marxe da historia. De feito é a que presenta a historia e non aparece nela. É unha personaxe torturada por dúas cousas: a perda do seu gato Emperador III e a súa incesante loita coas ratas...

As ratas. Están por todas partes. No Castelo, no patio de butacas, entre a música e nos cadros...Son a alma da historia.

Ficha técnica:

Ancho: 8m
Alto: 6m
Fondo: 7m
Son: 1000W
Iluminación: 15000V
Duración: 70m. Aprox.
Montaxe: 4h
Desmontaxe: 1,5h
Público Familiar

Ficha Artística:

Idea Orixinal: Ghazafelhos
Dirección: Pepablo Patinho
Vestiario: Montse Piñón
Pintura e deseños: Leandro Lamas
Deseño de son: Jorge Casas
Escenografía e atrezzos: Ghazafelhos
Deseño de Luz: Ana Díaz
Elenco: Montse Piñón, Jorge Casas, Pepablo Patinho

Contratación

URDIME: www.urdime.net | info@urdime.net | T. +34 981 937 424 | M. +34 639069580 | T. +34 619920335